

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11071 *Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

ÍNDICE

- Preámbulo.
 - Capítulo I. Réxime societario.
 - Artigo 1. Concepto de «sociedade laboral».
 - Artigo 2. Competencia administrativa.
 - Artigo 3. Denominación social.
 - Artigo 4. Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais e coordinación co Rexistro Mercantil.
 - Artigo 5. Capital social. Clases de accións e participacións.
 - Artigo 6. Dereito de adquisición preferente en caso de transmisión voluntaria «inter vivos» de accións ou participacións.
 - Artigo 7. Valoración das accións e participacións para os efectos de transmisión ou amortización.
 - Artigo 8. Nulidade de cláusulas estatutarias.
 - Artigo 9. Transmisión de accións e participacións nos supostos de extinción da relación laboral.
 - Artigo 10. Transmisión «mortis causa» de accións ou participacións.
 - Artigo 11. Dereito de subscrición preferente.
 - Artigo 12. Adquisición pola sociedade laboral das súas propias accións e participacións sociais.
 - Artigo 13. Órgano de administración.
 - Artigo 14. Reserva especial.
 - Artigo 15. Perda da cualificación.
 - Artigo 16. Separación e exclusión de socios.
 - Capítulo II. Beneficios fiscais.
 - Artigo 17. Beneficios fiscais.
 - Capítulo III. Sociedades participadas polos traballadores.
 - Artigo 18. Fundamento e principios.
 - Artigo 19. Concepto de sociedade participada polos traballadores.
 - Artigo 20. Recoñecemento.
- Disposición adicional primeira. Colaboración e harmonización entre rexistros.
Disposición adicional segunda. Dereito de asociación.
Disposición adicional terceira. Efectos da modificación da cualificación das sociedades.

Disposición adicional cuarta. Medidas de fomento para a constitución de sociedades laborais e a creación de emprego.

Disposición adicional quinta. Ausencia de gasto público.

Disposición adicional sexta. Réxime fiscal vasco.

Disposición transitoria primeira. Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. Adaptación de estatutos.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Disposición derradeira terceira. Dereito supletorio.

Disposición derradeira cuarta. Regulación do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.

Disposición derradeira quinta. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

I

As sociedades laborais, nadas nos anos setenta como método de autoemprego colectivo por parte dos traballadores, logran o recoñecemento constitucional no artigo 129.2 da Constitución española de 1978, que ordena aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o establecemento das medidas que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de produción.

A Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, introduciu un importante avance na súa regulación e permitiu un gran desenvolvemento desta fórmula societaria, como se pode constatar á vista da creación de numerosas empresas e postos de traballo que se xeraron ao abeiro da dita norma. Non obstante, dado o tempo transcorrido desde a súa promulgación comeza a evidenciarse a necesidade de actualizar o seu marco normativo co obxectivo de dar un novo impulso ás sociedades laborais pola súa condición de empresas participadas polos socios traballadores e abertas á integración como socios dos demais traballadores da empresa.

As sociedades laborais son sociedades de capital pola súa forma e, por tanto, sonlles aplicables as normas relativas ás sociedades anónimas e limitadas. Desde a aprobación da Lei de sociedades laborais de 1997 foron numerosas as reformas lexislativas que afectaron este sector, entre outras, a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal; a Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais; a Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, ou o texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Esta situación exige unha adecuación da Lei de sociedades laborais ao novo marco normativo e unha sistematización das súas normas máis acorde coa establecida na Lei de sociedades de capital, que integrou nun mesmo texto a regulación da sociedade anónima e da sociedade de responsabilidade limitada, ao recoñecer que a distinción principal entre as sociedades de capital non é tanto pola súa forma como pola súa condición ou non de sociedade cotizada. Un claro exemplo disto é a sociedade laboral, onde as coincidencias entre sociedades anónimas laborais e sociedades laborais de responsabilidade limitada aconsellan ofrecer en moitos casos solucións xurídicas comúns.

Pero as sociedades laborais tamén son, polos seus fins e principios orientadores, entidades da economía social, como sinala explicitamente a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, e, por tanto, deben ser acreedoras das súas políticas de promoción, entre as que figura o mandato aos poderes públicos de crear un contorno que fomente o desenvolvemento de iniciativas económicas e sociais no marco da economía social. Con

este obxectivo, a disposición adicional sétima desta lei ordenaba ao Goberno que remitise ás Cortes un proxecto de lei que actualizase e revisase a Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais.

II

O concepto de participación dos traballadores na empresa foi crecendo en importancia nos últimos tempos, onde encontramos claros exemplos no ámbito europeo que demandan esta fórmula societaria.

A Recomendación do Consello, do 27 de xullo de 1992, relativa ao fomento da participación dos traballadores nos beneficios e os resultados da empresa (incluída a participación no capital), invitaba os Estados membros a recoñeceren os posibles beneficios dunha utilización máis estendida, a nivel individual ou colectivo, dunha ampla variedade de fórmulas de participación dos traballadores por conta allea nos beneficios e nos resultados da empresa, tales como a participación en beneficios, o accionariado ou fórmulas mixtas, e a ter en conta, neste contexto, o papel e a responsabilidade dos interlocutores sociais, de conformidade coas lexislacións e prácticas nacionais.

Tamén recomendaba garantir que as estruturas xurídicas permitisen a introdución das fórmulas de participación, que se considerase a posibilidade de conceder estímulos tales como incentivos fiscais ou outras vantaxes financeiras, para fomentar a introdución de determinadas fórmulas de participación, e que se fomentase a utilización de fórmulas de participación que faciliten a subministración de información adecuada a todas as partes que puidesen estar interesadas.

Neste sentido, destaca tamén o Ditame do Comité Económico e Social Europeo sobre o tema «Participación financeira dos traballadores en Europa», do 21 de outubro de 2010, que establece que a participación financeira dos traballadores representa unha posibilidade de facer participar máis e mellor as empresas e os traballadores, así como a sociedade no seu conxunto, no éxito da crecente europeización da actividade económica.

O obxectivo do ditame era animar a Europa a elaborar un marco de referencia que fomenta a conexión social e económica de Europa, de forma que se axilice a aplicación da participación financeira dos traballadores en distintos niveis.

Con base neste ditame, o Comité Económico e Social Europeo pide que se adopte unha nova recomendación do Consello relativa ao fomento da participación dos traballadores nos beneficios e nos resultados da empresa e que se presenten propostas sobre o modo de afrontar os obstáculos aos proxectos transfronteirizos.

Ademais, e en liña coa estratexia «Europa 2020», a participación financeira dos traballadores pode constituír un dos mecanismos para fortalecer a competitividade das pemes europeas, xa que aumenta a identificación con elas e a vinculación dos seus traballadores cualificados, tanto nos bos como nos malos tempos. Así, a participación financeira dos traballadores tamén contribuirá a garantir un futuro sustentable.

Desta maneira dáselles aos traballadores a posibilidade de aumentar a longo prazo o seu patrimonio de maneira sinxela, o cal permite engadir recursos complementarios para vivir despois de deixar de traballar. Os traballadores aos cales se lles permite participar nos resultados da empresa senten que son tidos máis en conta pola súa contribución aos resultados obtidos pola empresa.

Sen prexuízo doutras formas de codecisión e intervención nas decisións da empresa, as participacións no capital poden -en función de como se desenvolvan- levar a unha participación na toma de decisións, por exemplo, mediante o dereito de voto dos accionistas. No caso de participación en forma de accións, o dereito de voto dos accionistas, tanto individual como colectivo, pódese exercer, por exemplo, mediante unha sociedade de participación financeira.

Nesta liña cabe destacar que as sociedades laborais en España, en sintonía coas recomendacións europeas, responden ao modelo de empresa participada maioritariamente. Son un dos máximos expoñentes da participación dos traballadores nas empresas no noso país e encóntranse á vangarda en relación coa regulación deste tipo de entidades nos restantes países da nosa contorna.

III

A nova regulación non só actualiza, moderniza e mellora o contido da Lei 4/1997, do 24 de marzo, como consecuencia das últimas reformas do dereito de sociedades, senón que, en cumprimento da previsión contida na Lei 5/2011, de economía social, reforza a natureza, función e caracterización da sociedade laboral como entidade da economía social e pon en valor as súas especificidades.

Mellora o seu réxime xurídico cos obxectivos de fomentar a participación dos traballadores nas empresas e facilitar o seu acceso á condición de socio, ao tempo que se incorporan novas medidas para asegurar o control da sociedade por parte dos traballadores, aumentar a utilidade das sociedades laborais e a súa preferencia por parte dos emprendedores. Pretende fortalecer a súa vertente empresarial e consolidar o carácter estable e non conxuntural deste modelo empresarial. Prepara o seu contido cara aos cambios que se producirán arredor do documento único electrónico e reestrutura o articulado eliminando preceptos superfluos e incorporando outros necesarios.

O capítulo I establece o réxime societario e regula nun único artigo o concepto de sociedade laboral e os trazos esenciais que a caracterizan, entre os que se encontra a necesidade de posuír a maioría do capital social, e, ademais, exige que ningún socio poida ter accións ou participacións que representen máis da terceira parte do capital social. Por outro lado, ampliáanse as excepcións a estas exigencias entre as que cabe destacar a posibilidade de constituír sociedades laborais con dous socios, sempre que ambos sexan traballadores e teñan distribuída de forma igualitaria a súa participación na sociedade. Así mesmo, flexibilízase o marco de contratación de traballadores non socios e os prazos de adaptación nos supostos de transgresión dos límites de capital e contratación de traballadores non socios exixidos para non perder a condición de sociedade laboral.

Os artigos 2 e 4 manteñen a competencia administrativa para a cualificación das sociedades laborais nos mesmos termos recollidos na Lei 4/1997, do 24 de marzo; non obstante, simplifícase a documentación necesaria para a súa constitución nos supostos de sociedades preexistentes e incorpórase a necesidade de harmonización e colaboración entre os distintos rexistros administrativos estatal e autonómicos e o Rexistro Mercantil que interveñen na creación das sociedades laborais, e mais posibilitase a implantación de medios electrónicos e telemáticos para obter a cualificación e inscrición. Ademais, redúcense as obrigacións administrativas das sociedades laborais e suprímese a exigencia de comunicar periodicamente ao rexistro administrativo as transmisións de accións ou participacións, que se limita aos casos en que se alteren os límites exixidos para obter a cualificación de laboral.

O artigo 5 mantén a dualidade das clases de accións e participacións até agora existentes: laboral e xeral, en función de que o seu propietario sexa ou non socio traballador e, co fin de facilitar a súa xestión e transmisión, exíxese que sexan de igual valor nominal e que confiran os mesmos dereitos, o que permite evitar posibles diverxencias entre a propiedade do capital e o control efectivo da sociedade.

O artigo 6 determina un novo sistema máis áxil en caso de transmisión voluntaria de accións e participacións tanto da clase xeral como da laboral, xa que simplifica o complexo sistema de adquisición preferente regulado anteriormente, o que comporta unha redución de prazos e do colectivo con dereitos de preferencia xa que se suprime o dereito que tiñan os traballadores de duración determinada.

O artigo 7 regula a valoración das accións e participacións, para os efectos de transmisión e amortización, e permite que a súa valoración se poida referir a un sistema previsto estatutariamente, aínda que non terá efectos retroactivos.

O artigo 9 regula a transmisión de accións e participacións nos supostos de extinción da relación laboral, amplía os casos en que se poden establecer normas especiais e incorpora como novidade que nos supostos de embargo de accións ou participacións da sociedade, ou de execución en peñor sobre estas, as notificacións previstas no artigo 109 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, se fagan tamén aos traballadores non socios con contrato por tempo indefinido.

O artigo 12 regula de forma innovadora a adquisición pola sociedade das súas propias accións e participacións, dirixida a facilitar a súa transmisión no prazo máximo de tres anos aos traballadores con contrato por tempo indefinido. Ademais, a lei incorpora por primeira vez a posibilidade de que a sociedade facilite asistencia financeira aos traballadores para a adquisición de capital social.

O artigo 13 regula o órgano de administración e o artigo 14, referente á reserva especial, amplía os fins a que se pode destinar xa que, ademais de compensar perdas, poderase aplicar á adquisición de autocartera por parte da sociedade co obxecto de facilitar o seu posterior alleamento polos traballadores, todo isto en liña cun dos obxectivos principais da lei que é a articulación de mecanismos para procurar o acceso dos traballadores á condición de socios.

Ademais, a obrigación de dotación da dita reserva límtase até que alcance unha contía de, ao menos, unha cifra superior ao dobre do capital social.

O artigo 15 regula a perda da cualificación da sociedade como laboral e o artigo 16 establece os supostos de separación e exclusión de socios non regulados até a data.

O capítulo II regula os beneficios fiscais e exige xa como único requisito para gozar destes a cualificación de «laboral» da sociedade.

O capítulo III regula as sociedades participadas polos traballadores e define, por primeira vez no noso país, o dito concepto, de forma que considera como tales non só as propias sociedades laborais senón calquera outra sociedade en que os socios traballadores posúan capital social e dereitos de voto. Establece, ademais, os principios aos cales se someten e o posible recoñecemento que se poida desenvolver en relación con estas sociedades.

Por último, a lei conta con seis disposicións adicionais, que establecen como novidades a colaboración e a harmonización entre o rexistro administrativo estatal, os autonómicos e o mercantil, e as medidas de fomento para a constitución de sociedades laborais e a creación de emprego. A lei inclúe tamén dúas disposicións transitorias, unha derogatoria, que afecta a totalidade da Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, a disposición adicional cuadraxésimo sétima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao previsto na presente lei, e seis disposicións derradeiras.

CAPÍTULO I

Réxime societario

Artigo 1. *Concepto de «sociedade laboral».*

1. As sociedades laborais son aquelas sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada que se someten aos preceptos establecidos na presente lei.

2. Poderán obter a cualificación de «sociedade laboral» as sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que, ao menos, a maioría do capital social sexa propiedade de traballadores que presten nelas servizos retribuídos de forma persoal e directa, en virtude dunha relación laboral por tempo indefinido.

b) Que ningún dos socios sexa titular de accións ou participacións sociais que representen máis da terceira parte do capital social, salvo:

Que a sociedade laboral a constitúan inicialmente dous socios traballadores con contrato por tempo indefinido, en que tanto o capital social como os dereitos de voto estarán distribuídos ao cincuenta por cento, coa obrigación de que no prazo máximo de 36 meses se axusten ao límite establecido neste punto.

Que se trate de socios que sexan entidades públicas, de participación maioritariamente pública, entidades non lucrativas ou da economía social, caso en que a participación poderá superar o dito límite, sen alcanzar o cincuenta por cento do capital social.

Nos supostos de transgresión sobrevida dos límites que se indican nas letras a) e b) do presente artigo, a sociedade estará obrigada a acomodar á lei a situación dos seus socios, no prazo de dezoito meses contados desde o primeiro incumprimento.

c) Que o número de horas-ano traballadas polos traballadores contratados por tempo indefinido que non sexan socios non sexa superior ao corenta e nove por cento do cómputo global de horas-ano traballadas na sociedade laboral polo conxunto dos socios traballadores. Non computará para o cálculo deste límite o traballo realizado polos traballadores con discapacidade de calquera clase en grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

Se son superados os límites previstos neste número, a sociedade deberá alcanzalos, de novo, no prazo máximo de doce meses. O órgano de que dependa o Rexistro de Sociedades Laborais poderá conceder até dúas prórrogas, por un prazo máximo de doce meses cada unha, sempre que se acredite en cada solicitude de prórroga que se avanzou no proceso de adaptación aos límites previstos. O prazo de adaptación nos casos de subrogación legal ou convencional de traballadores será de trinta e seis meses e pódense solicitar igualmente as prórrogas previstas neste número.

3. A superación de límites e as circunstancias que orixinen a dita situación, así como a súa adaptación posterior á lei, deberán ser comunicadas ao Rexistro de Sociedades Laborais, no prazo dun mes desde que se produzan, para os efectos previstos no número 2 do artigo 15 da presente lei.

Artigo 2. *Competencia administrativa.*

1. Corresponde ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou, se for o caso, aos órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os correspondentes trasposos de funcións e servizos en materia de cualificación e rexistro de sociedades laborais, o outorgamento da cualificación de «sociedade laboral», así como o control do cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e, se for o caso, a facultade de resolver sobre a descualificación. A cualificación outorgada por unha autoridade competente terá plena eficacia en todo o territorio nacional, sen necesidade de que a sociedade realice ningún trámite adicional ou cumpra novos requisitos.

Para tal efecto, levaranse a cabo actuacións de harmonización, colaboración e información entre o Rexistro do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, o Rexistro Mercantil e os rexistros das comunidades autónomas. En particular, o Rexistro do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, sen menoscabo das competencias das comunidades autónomas, integrará nunha base de datos común a información que figure nos distintos rexistros das comunidades autónomas que sexa necesaria para o exercicio das competencias atribuídas en materia de supervisión e control ás autoridades competentes.

2. A cualificación de «sociedade laboral» outorgarase logo da solicitude da sociedade, á cal xuntará a documentación que se determine regulamentariamente.

En todo caso, as sociedades de nova constitución achegarán copia autorizada da correspondente escritura, en que conste expresamente a vontade dos outorgantes de fundar unha sociedade laboral.

Se a sociedade é preexistente, deberá achegar certificación literal do Rexistro Mercantil sobre os asentos vixentes relativos a esta, copia autorizada da escritura de elevación ao público dos acordos da xunta xeral favorables á cualificación de sociedade laboral e á modificación dos artigos dos seus estatutos para adaptalos ao previsto nesta lei, así como do libro rexistro de accións nominativas ou do libro rexistro de socios que reflecta a titularidade das accións ou participacións.

3. Os trámites necesarios para a cualificación e inscrición dunha sociedade como sociedade laboral poderanse realizar a través dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos que se habiliten para o efecto.

4. A cualificación prevista no presente artigo non será de aplicación ao establecido no capítulo III da presente lei.

Artigo 3. *Denominación social.*

1. Na denominación da sociedade deberá figurar a indicación «sociedade anónima laboral», «sociedade de responsabilidade limitada laboral» ou «sociedade limitada laboral» ou as súas abreviaturas SAL, SRLLL ou SLL, segundo proceda.

2. O adxectivo «laboral» non poderá ser incluído na denominación por sociedades que non teñan a cualificación de «sociedade laboral».

3. A denominación de «laboral» farase constar en toda a súa documentación, correspondencia, notas de pedido e facturas, así como en todos os anuncios que deba publicar por disposición legal ou estatutaria.

Artigo 4. *Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais e coordinación co Rexistro Mercantil.*

1. No Rexistro de Sociedades Laborais creado para efectos administrativos no Ministerio de Emprego e Seguridade Social faranse constar os actos que se determinen nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, todo isto sen prexuízo das competencias de execución que teñan asumidas ou asuman as comunidades autónomas.

2. A sociedade gozará de personalidade xurídica desde a súa inscrición no Rexistro Mercantil, ben que para a inscrición no dito rexistro dunha sociedade coa cualificación de laboral se deberá achegar o certificado que acredite que esa sociedade foi cualificada polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma como tal e inscrita no rexistro administrativo a que se refire o parágrafo anterior.

A constancia no Rexistro Mercantil do carácter laboral dunha sociedade farase mediante nota marxinal na folia aberta á sociedade, na forma e prazos que se establezan regulamentariamente, con notificación ao rexistro administrativo.

3. A obtención da cualificación como laboral por unha sociedade anónima ou de responsabilidade limitada non se considerará transformación social nin estará sometida ás normas aplicables á transformación de sociedades.

4. O Rexistro Mercantil non practicará ningunha inscrición de modificación de estatutos dunha sociedade laboral que afecte a súa denominación, domicilio social, composición do capital social ou réxime de transmisión de accións e participacións, sen que esta achegue certificado do Rexistro de Sociedades Laborais de que resulte ben a resolución favorable de que a dita modificación non afecta a cualificación da sociedade como laboral ben a anotación rexistral do cambio de domicilio.

5. Os rexistradores mercantís remitirán ao rexistro administrativo correspondente, preferentemente en formato electrónico, nota simple informativa da práctica dos asentos que afecten a constitución e extinción das sociedades laborais, así como a modificación dos actos relacionados no número anterior.

6. A sociedade laboral que traslade o seu domicilio deberá comunicalo á autoridade competente. Cando o traslado se produza ao ámbito de actuación doutro rexistro administrativo, pasará a depender deste, sen prexuízo do disposto no artigo 20 e na disposición adicional décima da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. En calquera caso, no suposto de expedientes de descualificación que se encontren incoados no momento do traslado, o rexistro de orixe manterá a competencia até a súa resolución.

7. O xuíz que coñeza da impugnación dalgún acordo social que afecte a denominación, a composición do capital ou o cambio de domicilio, porá en coñecemento

do rexistro administrativo de que dependa a sociedade a existencia da demanda e as causas de impugnación, así como a sentenza que dite sobre a demanda.

Artigo 5. Capital social. Clases de accións e participacións.

1. O capital social estará dividido en accións nominativas ou en participacións sociais. As accións e participacións, sexan da clase que sexan, terán o mesmo valor nominal e conferirán os mesmos dereitos económicos, sen que sexa válida a creación de accións ou participacións privadas do dereito de voto.

2. As accións e participacións das sociedades laborais dividiranse en dúas clases: as que sexan propiedade dos traballadores cuxa relación laboral o sexa por tempo indefinido e as restantes. A primeira clase denominarase «clase laboral» e a segunda «clase xeral». A sociedade laboral poderá ser titular de accións e participacións de ambas as clases.

3. Nos supostos de transmisión de accións ou participacións que supoñan un cambio de clase por razón do seu propietario, os administradores sen necesidade de acordo da xunta xeral formalizarán a modificación do artigo ou artigos dos estatutos a que isto afecte e outorgarán a pertinente escritura pública que se inscribirá no Rexistro Mercantil, unha vez inscrita no Rexistro de Sociedades Laborais.

4. A memoria anual das sociedades laborais recollerá as variacións de capital social que experimentase a dita sociedade durante o exercicio económico de referencia.

Artigo 6. Dereito de adquisición preferente en caso de transmisión voluntaria «inter vivos» de accións ou participacións.

1. As accións e participacións, salvo previsión estatutaria en contra, poderanse transmitir libremente aos socios traballadores e traballadores non socios con contrato por tempo indefinido.

Neste caso, o transmitente deberá comunicar aos administradores da sociedade, por escrito e de modo que asegure a súa recepción, o número e as características das accións ou participacións que se propoña transmitir e a identidade do adquirente.

2. Nos demais supostos, o propietario de accións ou participacións comunicará á sociedade o número, características e termos económicos das accións ou participacións que se propoña transmitir para que esta traslade a proposta no prazo máximo de dez días simultaneamente a todos os posibles interesados (traballadores indefinidos, socios traballadores e socios xerais), que deberán manifestar a súa vontade de adquisición nun prazo máximo de 20 días contados desde que lles foi notificada a transmisión proxectada.

Unha vez recibidas as ofertas de compra, os administradores disporán de 10 días para comunicar ao vendedor a identidade do ou dos adquirentes, e os interesados, en caso de concorrencia, priorizaranse de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1.º Traballadores indefinidos non socios, en relación directa coa súa antigüidade na empresa.

2.º Socios traballadores, en relación inversa ao número de accións ou participacións que posúan.

3.º Socios da clase xeral, a pro rata da súa participación no capital social.

4.º Sociedade.

A orde de preferencia a favor dos grupos enumerados seguirase sen prexuízo do establecido no número tres deste artigo.

Se non se presentan ofertas de compra no prazo previsto, o propietario de accións ou participacións poderá transmitilas libremente.

Se o socio non procede á súa transmisión no prazo de dous meses, deberá iniciar de novo os trámites regulados no presente artigo.

3. Toda transmisión de accións ou participacións, calquera que sexa a súa clase e circunstancias, quedará sometida ao consentimento da sociedade se con esta se poden superar os límites previstos no artigo 1 desta lei.

O consentimento expresarase mediante acordo do órgano de administración no prazo dun mes e só se poderá denegar se se propón, por parte do dito órgano, a identidade dunha ou de varias persoas que adquiren as accións ou participacións que superen os límites previstos no artigo 1.

4. A transmisión de accións ou participacións que non se axusten ao previsto na lei ou, se for o caso, ao establecido nos estatutos, non producirá efecto ningún fronte á sociedade.

Artigo 7. *Valoración das accións e participacións para os efectos de transmisión ou amortización.*

O prezo das accións ou participacións, a forma de pagamento e demais condicións da operación serán os convidados e comunicados ao órgano de administración polo socio transmitente.

Se a transmisión proxectada é a título oneroso distinto da compravenda ou a título gratuito, o prezo de adquisición será o fixado de común acordo polas partes ou, na súa falta, o valor razoable destas o día en que comunicase ao órgano de administración da sociedade o propósito de transmitir. Entenderase por valor razoable o que determine un experto independente, distinto ao auditor da sociedade, designado para este efecto polos administradores.

Os gastos do experto independente serán por conta da sociedade. O valor razoable que se fixe será válido para todos os alleamentos que teñan lugar dentro de cada exercicio anual. Se nos alleamentos seguintes, durante o mesmo exercicio anual, o transmitente ou adquirente non aceptan tal valor razoable poderase practicar nova valoración pola súa conta.

Non obstante o anterior, os socios da sociedade laboral poderán acordar nos estatutos sociais os criterios e sistemas de determinación previa do valor das accións ou participacións para os supostos da súa transmisión ou amortización, caso en que prevalecerá este valor. Se se incorpora esta posibilidade unha vez constituída a sociedade, non será de aplicación aos socios que non votaron a favor do acordo de modificación dos estatutos.

Artigo 8. *Nulidade de cláusulas estatutarias.*

1. Só serán válidas as cláusulas que prohiban a transmisión voluntaria das accións ou participacións sociais por actos «inter vivos» se os estatutos recoñecen ao socio o dereito a separarse da sociedade en calquera momento. A incorporación destas cláusulas aos estatutos sociais exixirá o consentimento de todos os socios.

2. Non obstante o establecido no número anterior, os estatutos poderán impedir a transmisión voluntaria das accións ou participacións por actos «inter vivos», ou o exercicio do dereito de separación, durante un período de tempo non superior a cinco anos contados desde a constitución da sociedade, ou para as accións ou participacións procedentes dunha ampliación de capital, desde o outorgamento da escritura pública da súa execución.

Artigo 9. *Transmisión de accións e participacións nos supostos de extinción da relación laboral.*

1. En caso de extinción da relación laboral do socio traballador, este deberá ofrecer a adquisición das súas accións ou participacións no prazo dun mes desde a firmeza da extinción da relación laboral, conforme o disposto no artigo 6, e se ninguén exerce o seu dereito de adquisición, conservará a calidade de socio, ben que as accións ou participacións que non transmitise pasarán a ser da clase xeral conforme o artigo 5.

Existindo compradores de tales accións ou participacións sociais, se o socio que, extinguida a súa relación laboral e requirido notarialmente para isto, non procede, no prazo dun mes, a formalizar a venda, esta poderá ser outorgada polo órgano de administración polo valor razoable ou, se for o caso, polo establecido conforme os criterios de valoración

previstos estatutariamente, que se consignará á disposición daquel, ben xudicialmente ou ben na Caixa Xeral de Depósitos ou no Banco de España.

2. Os estatutos sociais poderán establecer normas especiais para os casos de xubilación e incapacidade permanente do socio traballador, para os supostos de socios traballadores en excedencia, así como para os socios traballadores que por subrogación legal ou convencional deixen de ser traballadores da sociedade.

3. No caso de embargo das accións e participacións da sociedade ou de execución do peñor constituído sobre estas, observarase o previsto no artigo 109 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, coa particularidade de que as notificacións se fagan tamén aos traballadores non socios con contrato indefinido e que o dereito de subrogación previsto se exerza na orde prevista no artigo 6.

Artigo 10. *Transmisión «mortis causa» de accións ou participacións.*

1. A adquisición dalgunha acción ou participación social por sucesión hereditaria confire ao adquirente, xa sexa herdeiro ou legatario do falecido, a condición de socio.

2. Non obstante o disposto no número anterior, os estatutos sociais, en caso de morte do socio traballador, poderán recoñecer un dereito de adquisición sobre as accións ou participacións de clase laboral, polo procedemento previsto no artigo 6.2, o cal se exercerá polo valor razoable ou, se for o caso, polo establecido conforme os criterios de valoración previstos estatutariamente, que tales accións ou participacións tiveren o día do falecemento do socio, e que, salvo previsión estatutaria en contra, se pagará ao contado; este dereito de adquisición deberase exercer no prazo máximo de tres meses contados desde a comunicación á sociedade da adquisición hereditaria.

3. Non se poderá exercer o dereito estatutario de adquisición preferente se o herdeiro ou legatario é traballador da sociedade con contrato de traballo por tempo indefinido.

4. As transmisións de accións ou participacións, calquera que sexa a súa clase, quedarán sometidas ao consentimento da sociedade se con elas se poden superar os límites previstos no artigo 1 desta lei.

Artigo 11. *Dereito de subscripción preferente.*

1. En toda ampliación de capital con emisión de novas accións ou con creación de novas participacións sociais deberase respectar a proporción existente entre as pertencentes ás dúas clases con que pode contar a sociedade, excepto cando o aumento de capital teña como obxecto a acomodación do capital aos límites a que se refire o artigo 1, 2.a) e b) desta lei. Nestes casos, o aumento de capital poderase adoptar por acordo da xunta xeral coa maioría ordinaria establecida para as sociedades de responsabilidade limitada no artigo 198 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e co quórum de constitución e as maiorías establecidas para as sociedades anónimas nos artigos 193 e 201 da dita lei.

2. Os titulares de accións ou de participacións pertencentes a cada unha das clases teñen dereitos de preferencia para subscribir ou asumir as novas accións ou participacións sociais pertencentes á clase respectiva.

3. Salvo acordo da xunta xeral que adopte o aumento do capital social, as accións ou participacións non subscritas ou asumidas polos socios da clase respectiva ofreceranse aos traballadores con contrato por tempo indefinido, na forma prevista no artigo 6.

4. A exclusión do dereito de preferencia rexerese pola normativa vixente que resulte aplicable ao tipo de sociedade, pero cando a exclusión afecte as accións ou participacións da clase laboral, a prima será fixada libremente pola xunta xeral, sempre que esta aprobe un plan de adquisición de accións ou participacións polos traballadores da sociedade con contrato por tempo indefinido, e que as novas accións ou participacións se destinen ao cumprimento do plan e imponha a prohibición de alleamento nun prazo de cinco anos.

Artigo 12. *Adquisición pola sociedade laboral das súas propias accións e participacións sociais.*

1. A adquisición pola sociedade laboral das súas propias accións e participacións sociais nos supostos recollidos na presente lei deberase efectuar con cargo a beneficios, á reserva especial ou a outras reservas dispoñibles.

2. As accións e participacións propias adquiridas pola sociedade deberán ser alleadas a favor dos traballadores da sociedade con contrato de traballo por tempo indefinido no prazo máximo de tres anos contados desde a data da súa adquisición, conforme o procedemento e valoración previstos nos artigos 6 e 7.

3. Transcorrido o dito prazo, as accións ou participacións non alleadas deberán ser amortizadas mediante redución do capital social, salvo que no seu conxunto as accións ou participacións propias non excedan o vinte por cento do capital social.

4. As sociedades laborais poderán anticipar fondos, conceder créditos ou préstamos, prestar garantías ou facilitar asistencia financeira para a adquisición das súas propias accións ou participacións polos traballadores da sociedade con contrato por tempo indefinido que non sexan socios.

5. O réxime aplicable ás accións e participacións propias será o previsto na Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e non computarán para os efectos de determinar se se cumpre o requisito do artigo 1.2.a) da presente lei.

Artigo 13. *Órgano de administración.*

1. É competencia dos administradores a xestión e a representación da sociedade. No caso de que os administradores deleguen a dirección e xestión da sociedade, ou confiran apoderamentos con esta finalidade, deberán adoptar medidas para delimitar claramente as súas competencias e evitar interferencias e disfuncións.

2. Se a sociedade laboral está administrada por un consello de administración, os titulares de accións ou participacións da clase xeral poderán agrupar as súas accións ou participacións sociais para nomear os seus membros conforme o sistema de representación proporcional previsto no artigo 243 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

3. A actuación dos administradores debe ser dilixente, leal, responsable, transparente e adecuada ás peculiaridades da sociedade laboral como modelo de sociedade específico. Deberán favorecer a xeración de emprego estable e de calidade, a integración como socios dos traballadores, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

4. Así mesmo, adoptarán políticas ou estratexias de responsabilidade social e fomentarán as prácticas de bo Goberno, o comportamento ético e a transparencia.

Artigo 14. *Reserva especial.*

1. Ademais das reservas legais ou estatutarias que procedan, as sociedades laborais están obrigadas a constituír unha reserva especial que se dotará co dez por cento do beneficio líquido de cada exercicio, até que alcance, ao menos, unha cifra superior ao dobre do capital social.

2. A reserva especial só poderá ser destinada pola sociedade laboral á compensación de perdas no caso de que non existan outras reservas dispoñibles suficientes para este fin, e/ou á adquisición das súas propias accións ou participacións sociais, que deberán ser alleadas a favor dos traballadores da sociedade con contrato por tempo indefinido, de acordo co disposto no artigo 12.

Artigo 15. *Perda da cualificación.*

1. Serán causas legais de perda da cualificación como «sociedade laboral» as seguintes:

1.^a A superación dos límites establecidos no artigo 1, sen prexuízo das excepcións previstas nel.

2.^a A falta de dotación, a dotación insuficiente ou a aplicación indebida da reserva especial.

2. Verificada a existencia de causa legal de perda da cualificación, cando non se comunicase conforme o número 3 do artigo 1 ou, no caso de comunicación, cando transcorresen os prazos de adaptación previstos no dito artigo, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, tras a instrución do oportuno expediente, descualificará a sociedade como «sociedade laboral» e ordenará a súa baixa no Rexistro de Sociedades Laborais. Efectuado o correspondente asento, remitirase certificación da resolución e da baixa ao Rexistro Mercantil para a práctica de nota marxinal na folla aberta á sociedade.

3. O procedemento axustarase ao que se dispoña na normativa a que se fai referencia na disposición derradeira cuarta desta lei.

4. A sociedade tamén perderá a cualificación de laboral por acordo da xunta xeral, adoptado cos requisitos e as maiorías establecidas para a modificación dos estatutos.

5. A descualificación como laboral comportará a perda e o reintegro dos beneficios e axudas públicas, adquiridos como consecuencia da súa condición de sociedade laboral desde o momento en que a sociedade incorra na causa de descualificación.

6. Os estatutos sociais poderán establecer como causa de disolución a perda da condición de «sociedade laboral» da sociedade.

Artigo 16. *Separación e exclusión de socios.*

1. A perda da cualificación da sociedade como laboral poderá ser causa legal de separación por parte do socio. Se a descualificación é consecuencia dun acordo adoptado en xunta xeral, o dereito de separación corresponderá aos socios que non votaron a favor do acordo.

2. O dereito de separación en caso de falta de distribución de dividendos previsto no artigo 348 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, non será de aplicación aos socios traballadores da sociedade laboral.

3. A sociedade laboral poderá excluír o socio que incumpra as obrigacións previstas nesta lei en materia de transmisión de accións e participacións ou realice actividades prexudiciais para os intereses da sociedade e polas que fose condenado por sentenza firme a indemnizar á sociedade os danos e perdas causados. As accións ou participacións dos socios separados ou excluídos deberán ser ofrecidas aos traballadores da sociedade con contrato de traballo por tempo indefinido, conforme o previsto no artigo 6 desta lei. As accións ou participacións non adquiridas deberán ser amortizadas mediante redución do capital social.

4. No prazo máximo de catro meses a partir da recepción do escrito polo que o socio comunica que exerce o seu dereito de separación previsto no número 1 deste artigo, do acordo da xunta xeral polo cal se decide a exclusión do socio, ou da notificación da resolución xudicial firme ditada ao respecto, o socio separado ou excluído terá dereito a obter no domicilio social o valor das súas accións ou participacións, transmitidas ou amortizadas.

CAPÍTULO II

Beneficios fiscais

Artigo 17. *Beneficios fiscais.*

As sociedades que sexan cualificadas como laborais gozarán, no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, dunha bonificación do 99 por 100 das cotas que se devindiquen por modalidade de transmisións patrimoniais

onerosas, pola adquisición, por calquera medio admitido en dereito, de bens e dereitos provenientes da empresa de que proceda a maioría dos socios traballadores da sociedade laboral.

CAPÍTULO III

Sociedades participadas polos traballadores

Artigo 18. *Fundamento e principios.*

1. Os poderes públicos promoverán a constitución e desenvolvemento das sociedades participadas polos traballadores.

2. A participación dos traballadores nos resultados e na toma de decisións das sociedades contribúe ao aumento da autonomía do traballador no seu lugar de traballo e fomenta a colaboración na estratexia futura da empresa.

3. As sociedades participadas polos traballadores sométense aos seguintes principios:

a) Promoción do acceso dos traballadores ao capital social e/ou aos resultados da empresa.

b) Fomento da participación dos traballadores na toma de decisións da sociedade.

c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

Artigo 19. *Concepto de sociedade participada polos traballadores.*

1. Terán a consideración de sociedades participadas polos traballadores as sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada que non alcancen os requisitos establecidos no capítulo I, pero promovan o acceso á condición de socios dos traballadores, así como as distintas formas de participación destes, en particular a través da representación legal dos traballadores, e cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Que contén con traballadores que posúan participación no capital e/ou nos resultados da sociedade.

b) Que contén con traballadores que posúan participación nos dereitos de voto e/ou na toma de decisións da sociedade.

c) Que adopten unha estratexia que fomente a incorporación de traballadores á condición de socios.

d) Que promovan os principios recollidos no artigo anterior.

2. A súa actuación deberá ser dilixente, leal, responsable e transparente, e deberán favorecer a xeración de emprego estable e de calidade, a integración como socios dos traballadores, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

3. Así mesmo, adoptarán políticas ou estratexias de responsabilidade social e fomentarán as prácticas de bo Goberno, o comportamento ético e a transparencia.

Artigo 20. *Recoñecemento.*

1. Poderán ser recoñecidas como sociedades participadas polos traballadores aquelas que cumpran co establecido no presente capítulo, de acordo co procedemento que estableza regulamentariamente o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

2. As administracións públicas poderán adoptar, no ámbito das súas competencias, medidas que, de forma harmonizada e coordinada, promovan e impulsen a participación dos traballadores nas empresas.

Disposición adicional primeira. *Colaboración e harmonización entre rexistros.*

As comunidades autónomas con competencia transferida para a xestión do Rexistro Administrativo de Sociedades Anónimas Laborais continuarán exercéndoas respecto do Rexistro de Sociedades Laborais a que se refire o artigo 4 desta lei.

Levaranse a cabo actuacións de harmonización, colaboración e información entre o Rexistro do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, o Rexistro Mercantil e os rexistros das comunidades autónomas.

Disposición adicional segunda. *Dereito de asociación.*

Para efectos de exercer a representación ante as administracións públicas e en defensa dos seus intereses, así como para organizar servizos de asesoramento, formación, asistencia xurídica ou técnica e cantos sexan convenientes aos intereses dos seus socios, as sociedades laborais, sexan anónimas ou de responsabilidade limitada, poderanse organizar en asociacións ou agrupacións específicas, de conformidade coa Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical.

Disposición adicional terceira. *Efectos da modificación da cualificación das sociedades.*

Para efectos da lexislación de arrendamentos, non existe transmisión cando unha sociedade anónima ou limitada alcance a cualificación de laboral ou sexa descualificada como tal.

Disposición adicional cuarta. *Medidas de fomento para a constitución de sociedades laborais e a creación de emprego.*

1. Serán de aplicación aos socios traballadores das sociedades laborais todos os beneficios que, no ámbito de emprego e da seguridade social, e en desenvolvemento da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, teñan por obxecto impulsar a realización de actuacións de promoción, difusión e formación da economía social.

2. O disposto no capítulo II da presente lei, en materia de beneficios fiscais, enténdese sen prexuízo dos réximes tributarios forais vixentes nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

Disposición adicional quinta. *Ausencia de gasto público.*

As medidas contidas na presente lei non suporán incremento no gasto público.

Disposición adicional sexta. *Réxime fiscal vasco.*

Os beneficios fiscais previstos na presente lei no ámbito dos territorios históricos do País Vasco rexeranse pola Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

Os expedientes relativos ás sociedades laborais que se encontren tramitándose no momento de entrada en vigor desta lei resolveranse polas normas vixentes na data da súa iniciación.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación de estatutos.*

As sociedades laborais deberán adaptar os seus estatutos ás previsións da presente lei no prazo máximo de dous anos desde a súa entrada en vigor. Transcorrido o prazo, non se inscribirá no Rexistro Mercantil documento ningún da sociedade laboral até que non se inscribise a adaptación dos estatutos sociais. Exceptúanse da prohibición de inscrición o

acordo de adaptación á presente lei, os títulos relativos ao cesamento ou dimisión de administradores, xerentes, directores xerais e liquidadores, e a revogación ou renuncia de poderes, así como á transformación da sociedade ou á súa disolución, nomeamento de liquidadores, liquidación e extinción da sociedade, e os asentos ordenados pola autoridade xudicial ou administrativa.

O contido da escritura pública e estatutos das sociedades laborais cualificadas e inscritas ao abeiro da normativa que agora se derroga non poderá ser aplicado en oposición ao disposto nesta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei e, de forma expresa:

- a) A Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais.
- b) A disposición adicional cuadrexésimo sétima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, modifícase nos seguintes termos:

Un. A letra m) do número 2 do artigo 97 queda redactada da seguinte maneira:

«m) Os socios traballadores das sociedades laborais, cuxa participación no capital social se axuste ao establecido no artigo 1.2.b) da Lei de sociedades laborais e participadas e non posúan o control da sociedade nos termos previstos pola disposición adicional vixésimo sétima bis desta lei.

Os ditos socios traballadores integranse como asimilados a traballadores por conta allea, con exclusión da protección por desemprego e do Fondo de Garantía Salarial, salvo que o número de socios da sociedade laboral non supere os 25, cando pola súa condición de administradores sociais realicen funcións de dirección e xerencia da sociedade e sexan retribuídos por isto ou pola súa vinculación simultánea á sociedade laboral mediante unha relación laboral de carácter especial de alta dirección.

A inclusión a que se refire esta letra non se producirá no réxime xeral cando, por razón da súa actividade, os socios traballadores das sociedades laborais deban quedar comprendidos como traballadores por conta allea ou como asimilados a eles nalgún réxime especial da Seguridade Social.»

Dous. A actual letra m) do número 2 do artigo 97 pasa a constituír a súa nova letra n), con idéntica redacción.

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional vixésimo sétima bis, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sétima bis. *Inclusión dos socios traballadores de sociedades laborais na Seguridade Social como traballadores por conta propia.*

Os socios traballadores das sociedades laborais quedarán obrigatoriamente incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, como traballadores por conta propia, no réxime especial dos traballadores do mar, cando a súa participación no capital social xunto coa do seu cónxuxe e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción até o segundo grao con que convivan alcance, ao menos, o cincuenta por cento, salvo que acrediten que o exercicio do control efectivo da sociedade require o concurso de persoas alleas ás relacións familiares.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1 da Constitución española, ordinais 6.^a e 7.^a, que atribúen ao Estado, respectivamente, as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil e laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, así como ao abeiro do ordinal 17.^a, que atribúe a competencia exclusiva ao Estado en materia de réxime económico da Seguridade Social, no que respecta á disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira terceira. *Dereito supletorio.*

No non previsto nesta lei serán de aplicación ás sociedades laborais as normas correspondentes ás sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, segundo a forma que teñan.

Disposición derradeira cuarta. *Regulación do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.*

O Goberno, no prazo máximo dun ano a partir da publicación desta lei, por proposta dos ministros de Xustiza e de Emprego e Seguridade Social, logo de consulta ás comunidades autónomas, procederá á aprobación dun novo real decreto que regule o Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais e que terá por obxecto modernizar o funcionamento do dito rexistro, mediante a implantación dos procedementos telemáticos que se poidan establecer. O dito real decreto recollerá os correspondentes mecanismos de cooperación para facer efectiva a integración nunha base de datos común permanentemente actualizada do Rexistro de Emprego e Seguridade Social da información que figure nos rexistros das comunidades autónomas que resulte necesaria para exercer as funcións de supervisión.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, por proposta dos titulares dos departamentos ministeriais afectados, no ámbito das súas respectivas competencias, poderá ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei e, en concreto, no referente ao réxime aplicable ás sociedades participadas polos traballadores, ao abeiro do previsto no capítulo III da presente lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY